



INFORMACIÓN IMPORTANTE SOBRE A ABAU:

1. Realizarase unha única proba por cada unha das materias. En cada proba o alumnado disporá dunha única proposta de exame.
2. O alumnado deberá responder, a súa elección, un número de preguntas determinado previamente.
3. Cada unha das probas terá unha duración de 90 minutos. Establecerase un descanso de, como mínimo, 30 minutos entre probas. Non se computará como periodo de descanso o utilizado para ampliar o tempo de realización de probas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
4. As datas previstas son:

DATAS DA CONVOCATORIA DE XUÑO: 6, 7 e 8 de xuño (martes, mércores e xoves). Os resultados provisionais das probas serán publicados antes do 15 de xuño de 2023 ás 20:00 h..

DATAS DA CONVOCATORIA DE XULLO: 11, 12 e 13 de xullo

5. En cada unha das probas procurarase considerar como mínimo un elemento curricular de cada un dos bloques de contido.

CÓMO SE ORGANIZA A ABAU?

A proba de acceso á universidade divídese en dúas fases: unha chamada Parte Obrigatoria, e outra denominada Parte Voluntaria, con exames de materias vinculadas á rama de coñecemento universitario no que se inscribe o grao que queiras estudar.

Esta última fase voluntaria, axudarache a subir a túa nota de acceso á universidade ata 4 puntos (poderías sacar un 14, nota máxima, en caso de acadaras un 10 en bacharelato).

Se non a fas, a túa nota de acceso calcúlase sumando o 60% da túa nota de bacharelato, e un 40% da túa nota da Parte Obrigatoria. Neste último caso, a nota máxima que podes sacar é un 10.

Na Parte Obrigatoria examinaste das materias xerais troncais cursadas en 2º de bacharelato. Consta dos seguintes exercicios:

- Primeiro exercicio: Lingua Castelá e Literatura II.
- Segundo exercicio: Lingua Galega e Literatura II. Pódese solicitar a exención deste exercicio no impreso de matrícula da proba de acceso, se se estivo exento da materia en 2º de bacharelato.
- Terceiro exercicio: Historia de España.
- Cuarto exercicio: Primeira Lingua estranxeira e Literatura II. Para este exercicio podes elixir entre alemán, francés, inglés, italiano e portugués, sempre que a



cursaras en 2º de bacharelato como Primeira Lingua Estranxeira. Na solicitude de inscrición debes indicar de que lingua estranxeira podes examinarte.

- Quinto exercicio: Materia xeral troncal vinculada á modalidade cursada en 2º de bacharelato:
 - Ciencias→ Matemáticas II
 - Ciencias Sociais→ Matemáticas Aplicadas ás CCSS II
 - Humanidades →Latín II

(*A nota desta materia utilízase dúas veces, para calcular a fase obrigatoria e tamén para ponderar na fase voluntaria.)

CÓMO SE CALCULA A NOTA DA PARTE OBRIGATORIA?

Cada un dos exercicios da Parte Obrigatoria cualificarase entre 0 e 10 puntos, con dúas cifras decimais. A nota da parte obrigatoria será a media aritmética das cualificacións de todos os exercicios, expresada en forma numérica de 0 a 10, con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

Considérase superada cando se obteña unha nota igual ou maior a 5 puntos na media ponderada entre a cualificación obtida na Parte Obrigatoria da ABAU (que conta un 40%) e a nota media de Bacharelato (que conta un 60%), e que se expresará con dous decimais, sempre que se acadara un mínimo de 4 puntos na cualificación da Parte Obrigatoria

EN QUÉ CONSISTE A PARTE VOLUNTARIA?

(*Recoméndase presentarse a parte voluntaria)

Mentres que a Parte Obrigatoria é imprescindible superala para acceder a calquera grao, a Parte Voluntaria é completamente optativa e permíteche sumar ata 4 puntos a túa nota de admisión.

Consistirá na resposta por escrito a unha serie de cuestións adecuadas ao coñecemento e capacidades que deban ser avaliadas cun formato de resposta que garanta a aplicación dos criterios obxectivos de avaliación.

Na solicitude de matrícula deberás indicar as materias das que te examinarás.

Na Parte Voluntaria cada estudante poderá examinarse dun máximo de catro materias que poderá escoller de entre as materias de opción do bloque das materias troncais de calquera modalidade, e/ou das materias xerais troncais de modalidade distintas daquela da que se examinen na Parte Obrigatoria, todas de 2º curso de bacharelato.



Tamén se poderá escoller como materia da Parte Voluntaria a optativa de 2ª Lingua Estranxeira II, sempre e cando sexa diferente da opción lingüística escollida na Primeira Lingua Estranxeira II.

Nesta parte non é obrigatorio ter cursado as materias en 2º de bacharelato así que poderase escoller materias doutra modalidade ou itinerario.

Materias de exame da Parte Voluntaria (Escoller un máximo de 4 materias) das das materias xerais troncais doutra modalidade:

- Latín II
- Mat. Aplicadas CCSS II
- Fundamentos da Arte II
- Matemáticas II

Ou das materias troncais de opción de calquera modalidade:

- Bioloxía
- Debuxo técnico II
- Física
- Xeoloxía
- Química
- Economía da Empresa
- Xeografía
- Grego II
- Historia da Arte
- Historia da Filosofía
- Artes Escénicas
- Cultura Audiovisual II
- Deseño
- Segunda Lingua Estranxeira II (Alemán, Francés, Inglés, Italiano, Portugués)

Ten en conta que para mellorar a nota de admisión vaise considerar tamén a nota ponderada da materia troncal xeral vinculada á túa modalidade, da cal te examinache na Parte Obrigatoria. Así que se decides presentarte a máis de unha materia na Parte Voluntaria (podes presentarte ata catro), só terán en conta as dúas mellores notas, contando tamén coa nota da materia troncal xeral.

Deberías examinarate das materias que se corresponden, en xeral, coa rama de coñecemento onde se inscribe a titulación que che interesa, e concretamente, que ponderan o seu valor (0'1 ou 0'2) para o grao ou graos aos que desexas acceder.

Dentro de cada rama universitaria, cada universidade poderá sinalar as materias concretas que considera prioritarias para un determinado título. Así que se xa sabes que titulación queres estudar e en que universidade, o mellor é que consultes directamente na universidade que che interesa as súas táboas de ponderación. As universidades publican cada ano estes datos (táboas de ponderación) nas súas webs e adoitan ser comúns para todas as universidades dunha mesma comunidade (como é o caso de Galicia).

Convén escoller sempre materias que ponderan 0'2 na Parte Voluntaria porque



un 5 nunha materia que pondera 0'2 ($5'00 * 0'2 = 1$) é igual que un 10 nunha materia que pondera 0'1 ($10'00 * 0'1 = 1$).

No mellor caso, se te examinas de dúas materias que ponderan 0'2 para a titulación que queres estudar, e acadas un 10 en ambas, sumarás o máximo de 4 puntos adicionais directamente á túa nota de admisión. Calcúlase así: $(10 * 0'2) + (10 * 0'2) = 4$

REVISIÓN DOS EXAMES

No novo proceso único de revisión procédese do seguinte xeito:

En primeiro lugar, analizarase se houbo algún erro material na corrección do exame da persoa interesada (sumas mal calculadas ou preguntas sen corrixir). No caso de existir algún erro material, modificarase a cualificación, tanto á alza como á baixa.

A cualificación provisoria obtida (identificada como P) pasa a ser a nova cualificación despois de modificar segundo o erro material detectado. No caso de non haber erros materiais, mantense como cualificación provisoria a cualificación orixinal (identificada tamén como P).

Deseguido, realizarase unha segunda corrección por un novo corrector/a especialista, distinto ao que efectuou a primeira corrección. Se esta segunda cualificación (identificada como S) ten unha diferenza menor de dous puntos, a cualificación definitiva será a media aritmética entre S e P, nomeadamente $(S+P)/2$.

No suposto de que existise unha diferenza de dous ou máis puntos entre ambas as cualificacións (P e S), un terceiro profesor/a especialista distinto dos anteriores efectuará unha terceira corrección (identificada como T). Neste caso, a cualificación definitiva será a media aritmética das tres cualificacións, nomeadamente $(P+S+T)/3$

NORMAS PARA O ALUMNADO

Todo o alumnado deberá acudir á presentación o primeiro día das probas ás 9.00 horas da mañá e despois presentarse a realizar os exercicios á hora sinalada para o comezo de cada un deles. O alumnado que só se examine da parte voluntaria e non teña erros na súa matrícula pode presentarse no momento de realizar os exames.

Para realizar os exames, o alumnado deberá levar consigo:

- DNI ou documento identificativo: pasaporte, permiso de residencia etc.
- Resgardo de Matrícula e xustificante de pago
- Bolígrafo ou pluma de tinta indeleble azul ou negra.
- Material axeitado para realizar o exercicio correspondente á materia de Debuxo técnico II e Deseño, así como o dicionario de latín-español ou grego-español e



unha calculadora (véxanse as indicacións máis abaixo).

No momento da presentación, o tribunal asignaralle un posto de exame a cada alumno/a.

ERROS NA MATRÍCULA DA ABAU

O alumno ou alumna que detecte algún erro na súa matrícula da ABAU deberá comunicarllo ao presidente/a da correspondente comisión delegada na hora da presentación (de 9.00 a 10:00 horas do día 6 de xuño), mediante unha solicitude no formulario oficial que estará a disposición do alumnado na sede da comisión delegada.

Unha vez finalizada a hora de presentación do primeiro día das probas, non se permitirá ningún cambio. Á alumna ou alumno que se examine dunha opción distinta á que figure na súa matrícula ou na solicitude de cambio de matrícula que se lle entregase ao presidente/a da comisión delegada, anularáselle o exame da materia ou materias que non figuren na súa matrícula ou na súa solicitude de cambio desta.

REALIZACIÓN DOS EXAMES

Ao empezar as probas, o alumnado recibirá un xogo de adhesivos de código de barras que o identifica. As etiquetas de identificación son persoais e intransferibles.

É fundamental o bo coidado destas etiquetas de identificación. Non deben dobrarse nin modificarse de ningún xeito para evitar a súa deterioración e as posibles dificultades de identificación. Recoméndase tamén que non se deixen nas aulas nin ao alcance de persoas estrañas.

Todo o alumnado deberá manter os pavillóns auditivos despexados para verificar que non usan dispositivos auditivos non permitidos.

ANONIMATO

Os exames son anónimos e non poden asinarse nin deberán presentar marcas de ningún tipo (fluorescentes, subliñados en cor etc.) que poidan permitir unha eventual identificación persoal. Non observar esta norma pode ser causa de anulación do exame.

CADERNO DE EXAMES

En cada unha das probas entregaráselle a cada estudante un caderno de exame formado por dúas follas A3 (unha páxina de portada e sete páxinas A4 en branco) e unha cabeceira adhesiva. Para redactar as respostas o alumnado pode utilizar as sete páxinas en branco.

En cada exercicio só se pode utilizar un único caderno de exame, ao que non se lle poderán arrincar nin engadir follas.



Cada exercicio presenta varias preguntas, sendo todas susceptibles de ser elixidas. En cada exercicio indícase o número de preguntas que se deben responder. O alumno debe indicar claramente as preguntas ás que vai responder e non poderá responder a máis preguntas das sinaladas no texto inicial do exame. Se responde a máis preguntas das indicadas, só se corraxirá o número de preguntas indicado que figure en primeiro lugar no caderno de exame.

Non se poderá abandonar a aula ata transcorrer media hora (30 minutos) desde o comezo de cada exercicio. Tras a distribución dos exames, todas as persoas (alumnos/as, vogais da comisión delegada e representantes de centro) deberán permanecer na aula na primeira media hora de cada exame. Quedan excluídos desta obriga as presidencias e as secretarías das comisións delegadas e, de ser o caso, os membros da Comisión Delegada que autorice a presidencia, así como os delegados/as dos Reitores na CiUG.

O acceso á aula de exame implica sempre a entrega obrigatoria do caderno de exame debidamente etiquetado, aínda que se deixase en branco.

Os exames deberán entregárselle a un membro do tribunal para que comprobe que cumpren

as condicións debidas. En ningún caso se deixarán os exames enriba das mesas.

Se un/unha estudante non se presenta a algún dos exercicios da parte obrigatoria da ABAU, na cualificación correspondente figurará NON PRESENTADO (NP) e para os efectos do cálculo da nota media o exame computará como 0

MATERIAL PERMITIDO

Dicionarios

Exame de Latín II. No exame de Latín II poderá utilizarse o dicionario de latín-español/galego e permitirase o uso dos seus apéndices gramaticais, pero non daquelas páxinas (interiores ou apéndices) con contidos literarios e de evolución do latín ao castelán ou ao galego. Neste caso deberase comunicar aos membros da Comisión Delegada e gramparanse ou separaranse as páxinas mencionadas antes do comezo do exame.

Exame de Grego II. No exame de Grego II poderá utilizarse calquera dicionario de grego-español/galego e o seu apéndice gramatical.

Nota. Os/as vogais das comisións delegadas poderán revisar os apéndices gramaticais para comprobar que non hai anotacións. De detectarse anotacións nestes, instarase o alumno ou alumna a saír da aula e o exame será cualificado con 0 puntos.

Calculadoras

Poderase utilizar a calculadora exclusivamente nos exercicios de Matemáticas



II, Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II, Física, Química e Economía da empresa.

Permitirase usar calculadoras non programables e que non teñan capacidade gráfica.

Non poderá haber nada escrito nas calculadoras ou nas súas fundas.

No caso de dúbida sobre a validez dun determinado modelo de calculadora, o tribunal requiriralle ao alumno ou alumna a calculadora para valorar as súas características. De comprobarse que a calculadora é programable ou con capacidade gráfica, retiráselle e non se lle permitirá usar outro dispositivo aínda que este cumpra os requisitos.

MATERIAL NON PERMITIDO

Non está permitido o uso de teléfonos móbiles, reloxos intelixentes (smartwatch) ou calquera outro dispositivo electrónico. No caso dos reloxos intelixentes, lémbrese que tampouco poden utilizarse en modo reloxo convencional.

Os/os vogais das comisións delegadas terán especial coidado en que no posto de exame o alumnado non teña consigo estes dispositivos electrónicos, agás as calculadoras non programables e sen capacidade gráfica permitidas.

A presenza de material non permitido no posto de exame será motivo de medida disciplinaria: instarase o alumno a saír da aula e o exame será cualificado con 0 puntos.

COPIA E SANCIÓN

No caso de que un membro do tribunal detecte algún alumno ou alumna copiando ou non respectando estas instrucións, despois da súa correcta identificación, instarase a saír da aula e o exame será cualificado con 0 puntos. Ademais, a comisión organizadora das probas determinará as posibles sancións que se lle aplicarán, que poden implicar a anulación total da ABAU.

LIGAZÓNS IMPORTANTES

📄 Impresos ABAU:

https://www.ciug.gal/PDF/ABAU2023/impreso_taxas.pdf

https://www.ciug.gal/PDF/ABAU2023/Impreso_prematricula_bach.pdf

📄 Taboa de ponderacións Galicia:

https://ciug.gal/PDF/ponderacions_2023-24.pdf



📌 Vídeo explicativo sobre a ABAU para o alumnado:

<https://www.youtube.com/watch?v=8f8tCNdXIMY>

📌 Preguntas frecuentes sobre a ABAU:

<https://ciug.gal/gal/faq-abau>

📌 Preguntas frecuentes sobre o acceso á Universidade:

<https://ciug.gal/gal/faq-acceso>

📌 Convocatoria ordinaria ABAU 2023:

https://ciug.gal/PDF/ABAU2023/convocatoria_ordinaria.pdf

📌 Horarios ABAU Xuño 2023:

https://www.ciug.gal/PDF/ABAU2023/abau_%202023_horario.pdf

A formalización da matrícula nas universidades realízase online, accedendo aos enlaces de cada unha das universidades de Galicia, e que están dispoñibles na páxina web da CIUG.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA: <https://matricula.udc.es/matriculaprimeiro/>

UNIVERSIDADE DE VIGO: <https://matricula.uvigo.es/matriculaprimeiro/>

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: <https://matricula.usc.es/matriculaPrimeiro/>